

Doc. 1. Desamortización de Mendizábal (1836)

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ó produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ó país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear unha copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc. 2. Desamortización de Espartero (1841)

“Art. 1. Todas as propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda todas as propiedades, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

Doc. 3. Desamortización de Madoz (1855)

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes:

Ó Estado, Ó clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). ós propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

Doc. 4. O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente axuíza así a desamortización

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...).

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”.

Doc. 5. O historiador Josep Fontana exprésase do seguinte xeito:

Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”.

Durante o século XIX, en España **asentouse**, apoiada pola burguesía, **a corrente política e económica liberal**, que cuestionaba o Antigo Réxime (absolutismo, sociedade estamental, propiedade vinculada ós grupos privilexiados...) e defendía un novo modelo político e socioeconómico (soberanía nacional, separación de poderes, dereitos individuais, liberdade económica...) que esixía cambiar as estruturas aínda vixentes do Antigo Réxime.

Para desenvolver **o liberalismo**, a burguesía liberal consideraba **imprescindible realizar unha reforma agraria que convertese a propiedade da terra nun ben privado, individual, libre e pleno** (Doc 4: *“toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado”*). O fin da reforma agraria era que os novos propietarios, ó introducir melloras na explotación das terras para incrementar os beneficios, xerasen un aumento da produción e do capital que permitise rematar coa economía de subsistencia e investir os beneficios agrarios noutros sectores económicos (industria, comercio...) que enriquecesen e modernizasen o país (Doc. 1: *“é (...) vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación”*).

Pero **para modernizar o agro era preciso abolir** as leis e normas do Antigo Réxime que condicionaban e limitaban a produción agraria e a propiedade da terra: **réxime señorial, amortización das terras eclesiásticas e comunais, vinculación dos morgados** nobiliarios, etc.; e autorizar a libre compravenda das terras, a liberdade de cultivos e o cerramento dos campos.

Xa no **século XVIII**, durante o reinado de Carlos III, os **reformistas ilustrados** (Olavide, Campomanes, Jovellanos), influídos polos fisiócratas, que vían nos recursos naturais a fonte de toda riqueza, **propuxeran** a necesidade de **cambiar o sistema señorial das terras**, típico de Antigo Réxime, **por outro no que os propietarios**, donos plenos das súas propiedades, **tivesen liberdade absoluta para vender, comprar, arrendar e cultivar as terras como cresen máis oportuno para** obter o máximo rendemento da terra e **incrementar o capital**. Pero vai ser **no XIX** cando se inicie a denominada **reforma agraria liberal**. As **Cortes de Cádiz aboliron a xurisdición señorial**, que pasou a mans do Estado, e **durante a rexencia de María Cristina abolíronse os morgados**, polo que os propietarios nobres das terras vinculadas pasaron a ser donos de pleno dereito das súas propiedades e que, por tanto, podían vender ou arrendar libremente. Porén, a medida máis importante da reforma agraria liberal foi a **desamortización** (venta en poxa pública das bens rústicos e urbanos pertencentes ás mans mortas eclesiásticas e terras de comúns e propios dos Concellos). O proceso desamortizador foi longo, debido á masa de bens afectados e ós avances e retrocesos provocados polas disputas políticas e ideolóxicas. Os liberais progresistas, firmes partidarios da desamortización, púñana en práctica; os liberais moderados paralizábana; e os absolutistas e a Igrexa (que consideraba os seus bens patrimonio de Xesucristo e, por tanto, propiedade sagrada e inviolable) rexeitábana.

En tempos de Carlos IV, **Godoy expropiou os bens dos xesuítas e das obras pías eclesiásticas** (hospitais, beneficencia, etc.) para reducir o déficit e amortizar a débeda pública. Durante a Guerra de Independencia (1808 – 1814), **Xosé I e as Cortes de Cádiz decretaron desamortizacións** que afectaron ós bens dos afrancesados, das ordes militares, das ordes regulares suprimidas, etc. Pero estas desamortizacións tiveron escasa vixencia pola restauración do Antigo Réxime á volta de Fernando VII en 1814. O mesmo ocorreu coas desamortizacións practicadas no **Trienio Liberal** (1820 – 1823), paralizadas durante a Década Ominosa de Fernando VII (1823 – 1833).

Pero á morte de Fernando VII, o estoupido da Guerra Carlista obrigou á rexente **María Cristina** a ter que contar cos liberais para gañar adeptos á causa isabelina. Os liberais, partidarios do liberalismo económico, van promover o cambio das propiedades amortizadas ou vinculadas por propiedades individuais, privadas, libres e plenas, típicas do capitalismo. O ministro **Álvarez Mendizábal**, un liberal progresista, vai decretar a **desamortización eclesiástica** (Doc. 1). En 1835, un decreto suprimiu as ordes regulares, agás daquelas que prestasen servizos sociais (coidado de enfermos, educación de pobres, etc.) e, en 1836, outro decreto (Doc. 1) pon á venda todos os bens das institucións suprimidas (Doc. 1 Art. 2: *“Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”*). O Estado expropiaba eses bens e vendíaos en poxa pública (Doc. 1: *“vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación”*). Os obxectivos da desamortización de Mendizábal eran: reducir a débeda pública e amortizar o déficit (Doc. 1: *“dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ó produto das rendas”* e Doc. 5: *Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota*”), obter recursos para manter o exército isabelino enfrontado ó carlista (Doc. 5: *“axudarlle a gañar a guerra civil”*), conseguir ampliar o apoio social ós liberais a Isabel II (Doc. 1: *“identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade”*) e debilitar ós inimigos do liberalismo (Igrexa, absolutistas), e reformar o réxime de propiedade, convertendo os bens inmobiliarios do clero regular en propiedades individuais e libres (Doc. 1: *“crear unha copiosa familia de propietarios”*) que melloradas polos seus donos incrementasen a produción agraria e proporcionasen capitais para investir na industria e no comercio (Doc. 1: *“vivificar unha riqueza morta; desobstruír as canles da industria e da circulación”*).

Tras os gobernos moderados da rexencia de María Cristina, que paralizaron as desamortizacións, e a renuncia desta a seguir exercendo o poder en nome da súa filla Isabel, asumiu a rexencia o xeneral **Espartero**. Este liberal progresista **completou**, en 1841, a **desamortización eclesiástica** iniciada por Mendizábal ó decretar

bens nacionais os bens do clero secular (Doc. 2 Art. 1: "*Tódalas propiedades do clero secular... son bens nacionais*") e poñelos á venda (Doc. 2 Art. 3: "*Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións de clero...*").

A caída de Espartero provocou o adiamento da maioría de idade de **Isabel II** (1843). Nos primeiros anos do seu reinado persoal (Década Moderada), **os gobernos moderados** (Narváez, Bravo Murillo) **paralizaron o proceso desamortizador** e, para gañarse o apoio da Igrexa fronte ós carlistas, **subscribiron o Concordato coa Santa Sé** (1851) polo que a Igrexa aceptaba as vendas realizadas a cambio da devolución das non vendidas, do establecemento do catolicismo como relixión oficial e de que o Estado sostivese economicamente o clero e o culto católico.

O descontento cos moderados permitiu o triunfo do pronunciamento de Vicálvaro e o acceso ó poder dos liberais progresistas. Durante o **Bienio Progresista** (1854 – 1856) foi aprobada a **Lei Xeral de Desamortización** (Doc. 3), presentada polo ministro de Facenda **Pascual Madoz**, que supoñía a **desamortización civil**. A desamortización de Madoz puña en venda todos os bens de propiedade colectiva (Doc.3: "*decláranse en venda tódolos predios rústicos e urbanos... pertencentes ó Estado, ó clero, ás ordes militares, ás confrarías... ós propios e comúns dos pobos...*"). Esta desamortización, que estivo en vigor ata 1924, tiña entre os seus obxectivos facilitar terra cultivable, crear propietarios emprendedores, reducir a débeda e o déficit públicos e obter diñeiro para financiar o ferrocarril (Doc. 5: "*Na chamada lei Madoz, para financiar a construción do ferrocarril*"), transporte indispensable para crear un mercado que permitise o desenvolvemento industrial e comercial do país. Foi a que afectou a máis terras e tivo maiores consecuencias.

As **consecuencias** das desamortizacións son diversas.

Consolidou o réxime liberal de propiedade da terra. Os propietarios eran libres para facer cos seus bens o que considerasen axeitado ós seus intereses. Coas desamortizacións cambiaron de mans o 50% das terras cultivables, pero **os principais compradores foron xentes con recursos económicos** (nobres, burgueses e campesiños ricos) que na maioría dos casos incrementaron os seus patrimonios e actuaron como **terratenentes absentistas**, que obtiñan rendas das súas terras, en vez de empresarios capitalistas preocupados por obter o máximo rendemento das explotacións. **Os campesiños**, a maioría sen aforros, non puideron comprar terras e moitos **viron empeoradas as súas condicións de vida** pola perda do aproveitamento das terras e pastos comunais, e polo endurecemento dos contratos de arrendamento e de traballo. Moitos, sobre todo nas zonas latifundistas do sur peninsular, convertéronse en xornaleiros. Neste sentido, o xurista e historiador Tomás y Valiente (Doc. 4) critica a desamortización por non crear un campesiñado medio que solucionase o grave problema socioeconómico do agro español e dese estabilidade ó réxime liberal (Doc. 4: "*a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que estabilizar no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro*"). Tomás y Valiente critica o proceso desamortizador de Mendizabal e de Madoz (Doc. 4: "*a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e a de bens eclesiásticos non debeu facerse como se fixo*") e móstrase partidario do exposto polo ilustrado Flórez Estrada, que propuxera a nacionalización das terras en mans mortas e a entrega de lotes de terra en arrendamentos a longo prazo ós campesiños para que introducisen melloras que incrementasen a produtividade. Cos ingresos dos arrendamentos, o Estado podería amortizar a débeda pública, e co aumento da produción agraria e da capacidade adquisitiva da poboación, estimularíase a demanda de bens industriais e do comercio.

Mantivo unha economía de base agraria. A desviación de capitais á compra de terras contribuíu ó atraso da industrialización. Os novos propietarios agrarios dedicaron as terras a cultivos extensivos e de secaño, pouco produtivos pero que resultaban rendibles pola barata e abundante man de obra dos xornaleiros. Porén, a expansión da superficie cultivada e da produción de cereais permitiu mellorar o abastecemento interior e incrementar as exportacións. Ademais nalgúns zonas se produciron investimentos na mellora e especialización dos cultivos, como no Levante as explotacións hortofrutícolas (cítricos) e en Andalucía as explotacións de oliveira e vide.

Proporcionou ó Estado ingresos para reducir a débeda e o déficit públicos, combater ós inimigos do liberalismo e de Isabel II e financiar o ferrocarril (Doc. 5: "*salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil... para financiar a construción da rede ferroviaria*").

Supuxo unha **perda de patrimonio artístico e cultural** da Igrexa, debido á exclaustación e ó abandono de conventos e mosteiros. Estes bens non estaban catalogados nin protexidos e moitos acabaron en ruínas, foron malvendidos a particulares ou saíron cara a outros países. Os bens urbanos da Igrexa permitiron certa remodelación do casco histórico das cidades (apertura e regularización de rúas, creación de prazas...), ensanchar as cidades con novos barrios e reutilizar algúns dos seus edificios máis senlleiros.

En resumo, as desamortizacións non resolveron o problema da propiedade da terra, que seguía en mans de poucos grandes propietarios mentres a maioría dos campesiños vivían do cultivo das súas pequenas explotacións, tiñan terras arrendadas ou traballaban de xornaleiros. Este problema social ocasionou revoltas no campo, sobre todo no sur, onde o problema era máis grave, durante o XIX e XX.